

PRIMEIRA CIRCULAR
(CONVOCATORIA DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS)



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

PROGRAMA

1936 ¿Un novo relato? 80 anos, entre historia e memoria
Congreso Internacional

Santiago de Compostela, 18,19 e 20 de xullo de 2016

Organización do Congreso: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Miguez Macho, Dolores Vilavedra Fernández

Secretario: Gustavo Hervella García

Contacto: histagra@usc.es; + 34 881812734

As sesións de mañá celebraranse na Facultade de Xeografía e Historia
As conferencias de tarde celebraranse no Teatro Principal de Santiago (R/ Nova, 21)

A 80 anos do golpe militar que derivou nunha guerra que precede á conflagración mundial e remata coa instauración por parte dos vencedores dunha ditadura que durou catro décadas; a 40 anos da morte do Ditador e da liquidación do réxime autoritario que saíu da guerra, este Congreso xorde da necesidade de sentar as bases para unha reconceptualización da memoria e da historia sobre o golpe, a guerra e a ditadura. Preténdese logo valorar e analizar unha nova codificación que xa leva un tempo a desenvolverse e confrontala cuns relatos herdados que continúan a persistir, malia que con evidentes síntomas de esgotamento.

Deste xeito, historiografía e estudos literarios, dous ámbitos de coñecemento que se ocupan da Memoria, pretenden dialogar neste foro que se concibe como unha ocasión idónea para presentar e discutir, dende distintos enfoques, as visións e interpretacións que a sociedade española actual manexa dun *pasado incómodo* -en afortunada expresión de Tranfaglia- e a dimensión ética do seu coñecemento, pero tamén para debater sobre a necesidade dun novo relato sobre ese pasado e mais sobre os elementos dispoñibles para construílo.

Xa que logo, trátase de analizar ese relato herdado, baseado na idea de *reconciliación* da Transición pero construído sobre as razóns dos combatentes no conflito, as memorias fragmentadas de vítimas e verdugos, a propaganda do vencedor e a amargura do perdedor. Tamén, de contrastalo e deconstruílo, de confrontalo con outras memorias -subalternas en relación ao relato social dominante-, con novas investigacións, novos puntos de vista, novos enfoques e co novo caudal de coñecemento histórico e memorialístico, así como cos novos paradigmas que operan nos estudos literarios e culturais. A 80 anos do golpe, a 40 desta nosa democracia de hoxe. Servíndonos da ollada externa e a comparanza, e afrontando a dimensión ética do coñecemento do pasado.

O Congreso está concebido como un espazo de debate entre todos os participantes con intervencións moi breves dos relatores (15 minutos por intervención) e dos retrucantes (5 minutos) para facilitar a discusión aberta con todos os investigadores asistentes.

PRIMEIRA CIRCULAR
(CONVOCATORIA DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS)



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

DÍA 1: LUNS, 18 DE XULLO

Sesión. ¿Está esgotado o relato sobre a guerra civil?

9:00 Inauguración

9:30 Conferencia/Key Note Speaker: Ángel Loureiro (Princeton University)

10:30 Pausa

11:00 - 14:00 Mesa redonda:

Relatores:

Ángeles Egidio León (UNED)

Ulrich Winter (Philipps-Universität Marburg)

Lourenzo Fernández Prieto (Universidade de Santiago de Compostela)

Retrucantes:

Jesús Izquierdo Martín (Universidad Autónoma de Madrid)

Xermán Labrador (Princeton University)

Daniel Lanero Táboas (Universidade de Santiago de Compostela)

Aurora Artiaga Rego (Universidade de Santiago de Compostela)

Debate aberto até o fin da sesión.

16:30-18:30 Sesión de comunicacións: Novas perspectivas de investigación

19:00 Conferencia. Pablo de Greiff (ONU)

DÍA 2: MARTES 19 DE XULLO

Sesión. Un novo coñecemento para outro relato

9:30 Conferencia/Key Note Speaker: Antonio Cazorla (Trent University)

10:30 Pausa

11:00 - 14:00 Mesa redonda.

Relatores:

Carlos Gil Andrés (Universidad de La Rioja)

Elina Liikanen (University of Helsinki)

Antonio Míguez (Universidade de Santiago de Compostela)

Retrucantes:

Ana Cabana Iglesia (Universidade de Santiago de Compostela)

Emilio Grandio Seoane (Universidade de Santiago de Compostela)

Xavier Pla Barbero (Universitat de Girona)

Óscar Rodríguez Barreira (Universidad de Almería)

Debate aberto até o fin da sesión.

17:00 Mesa Café literario con Manolo Rivas e Suso de Toro

19:00 Conferencia. Elizabeth Jelin (CONICET, Arxentina)

PRIMEIRA CIRCULAR
(CONVOCATORIA DE PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓN)



DEPARTAMENTO DE HISTORIA
CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

Día 3: MÉRCORES 20 DE XULLO

Sesión. A dimensión ética dos novos relatos sobre o pasado incómodo

9:30 Conferencia/Key Note Speaker: Reyes Mate (CSIC)

10:30 Pausa

11:00 - 14:00 Mesa redonda:

Relatores:

Manuel Cruz (Universitat de Barcelona)

Miguel Anxo Murado

Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela)

Retrucantes:

Mari Jose Olaziregi (Universidad del País Vasco/Instituto Vasco Etxepare)

Xabier Etxeberria Mauleón (Universidad de Deusto)

Julio Prada Rodríguez (Universidade de Vigo)

Carlos Teijo García (Universidade de Santiago de Compostela)

Debate aberto até o fin da sesión

16:30-18:30 Sesión de comunicacións: Novas perspectivas de investigación

19:00 Conferencia. Ben Kiernan (Yale University) e Clausura

Sesións de Comunicacións. Novos enfoques para un novo relato de 1936

O Congreso abrirá en sesión de tarde un foro de presentación de proxectos de doutorandos ou de investigacións en marcha. O obxectivo destas sesións é dar a coñecer, e debater, as novas perspectivas desde as que se abordan os temas-chave nos que se vai centrar o congreso, perspectivas que semellan imprescindibles para conseguir articular ese novo relato que temos como obxectivo.

As presentacións dos comunicantes organizaranse segundo afinidades temáticas ou metodolóxicas.

Aquelas persoas interesadas en participar neste foro deberán enviar, antes do 15 de abril, un *abstract* de aproximadamente media páxina e un CV abreviado (máximo 1 páxina): as propostas serán seleccionadas polo Comité Organizador do congreso y recibirán resposta antes do 7 de maio.